

CONVOCATORIA DA 2.^a EDICIÓN DOS PREMIOS UNIVERSITARIOS A TRABALLOS DE FIN DE GRAO (TFG), TRABALLOS DE FIN DE MESTRADO (TFM) E TESES DE DOUTORAMENTO EN MATERIA DE EMPRENDEMENTO

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade da Universidade da Coruña, en aplicación do previsto na Convocatoria da 2.^a edición dos premios universitarios a traballos de fin de grao (TFG), traballos de fin de mestrado (TFM) e teses de doutoramento en materia de emprendemento, publicada no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña con data 09/09/2025, procede a publicar no Anexo I a resolución de adxudicación definitiva dos premios nas diferentes áreas de coñecemento e categorías.

Esta convocatoria realízase ao amparo do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria, integradas no programa anual de actividades do centro de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (asinado o 19 de agosto de 2025).

De acordo co artigo 9 das bases da convocatoria, o acto de entrega dos premios realizarase nun acto público, que será presencial o día 29 de outubro ás 12 horas, no Pavillón de Deportes do Campus de Elviña.

Contra a presente resolución de adxudicación que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común nas administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, segundo o establecido na Disposición Final Primeira da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras desta convocatoria.

A Coruña, asinado na data da sinatura dixital
A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade
María José Lombardía Cortiña

ANEXO I**LISTAXE DAS PERSOAS PREMIADAS**

Nome e apelidos	Área de coñecemento	Categoría (1)	Premio
Clara Souto Ferreiro	Artes e humanidades (2)	TFG e TFM	1.º premio (800 €)
Manuel Loureiro Muiños	Ciencias	TFG e TFM	1.º premio (800 €)
Santiago Fernández-Noriega Balseiro	Ciencias	TFG e TFM	2.º premio (400 €)
Pablo Páramo Telle	Ciencias da saúde	TFG e TFM	1.º premio (800 €)
Cecilia Belzarena Fernández	Ciencias da saúde	TFG e TFM	2.º premio (400 €)
Mónica Irina Casas Pérez	Ciencias sociais e xurídicas	TFG e TFM	1.º premio (800 €)
Iván Suárez Míguez	Ciencias sociais e xurídicas	TFG e TFM	2.º premio (400 €)
Irene Rodríguez Ríos	Enxeñaría e arquitectura	TFG e TFM	1.º premio (800 €)
Lucía Naya Cambón	Enxeñaría e arquitectura	TFG e TFM	2.º premio (400 €)
David Zambrana Seoane	Enxeñaría e arquitectura (3)	TFG e TFM	2.º premio (400 €)

- (1) De acordo co establecido no artigo 12 das bases da convocatoria, os premios na categoría de teses de doutoramento decláranse desertos, por non haber candidaturas aos mesmos.
- (2) De acordo co establecido no artigo 3 das bases da convocatoria, debido á ausencia de máis candidaturas na área de coñecemento de Artes e humanidades e, polo tanto, declarándose deserto o segundo premio desta área, a Comisión de Avaliación procede a asignar a dotación do segundo premio desta área á candidatura non premiada coa valoración máis alta de calquera área.
- (3) A comisión de avaliación procede a asignar o segundo premio declarado deserto na área de coñecemento de Artes e humanidades ao traballo coa seguinte valoración máis alta, que corresponde á área de Enxeñaría e Arquitectura.